

**Discursos da investidura de D. Andrés Santiago Suárez Suárez  
como *Doutor Honoris Causa*  
pola Universidade de Santiago de Compostela  
(Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2001)**

*Recibido:* 4 de decembro de 2006

*Aceptado:* 8 de novembro de 2007

**LECCIÓN DOUTORAL DO EXCMO. SR. D. ANDRÉS SANTIAGO SUÁREZ  
SUÁREZ NO ACTO QUE TIVO LUGAR O VENRES 22 DE XUÑO DE 2001  
NO SALÓN NOBRE DO COLEXIO DE FONSECA PARA A SÚA INVESTIDURA  
COMO *DOCTOR HONORIS CAUSA* EN CIENCIAS ECONÓMICAS E  
EMPRESARIAIS POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Excelentísimo señor reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.  
Ilustrísimo señor decano da Facultade de Económicas e Empresariais.  
Excelentísimos señores vicerreitores e cantas máis dignidades aquí se atoparen.  
Queridos amigos e compañeiros.  
Señoras e señores.

**ECONOMÍA, EXISTENCIALISMO E POSMODERNIDADE CON INCRUSTACIÓNS  
AUTOBIOGRÁFICAS**

**Primeiras palabras**

Hoxe é para min un día especialmente emotivo. A Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Galicia por excelencia e unha das máis prestixiosas de España e de Europa, honroume concedéndome a dignidade de *Doutor Honoris Causa*. Ningunha outra distinción, recoñecemento ou galardón podería agradarme máis, unha distinción que eu non cambiaría por todo o ouro do mundo.

Sempre se nos lembrou aquilo de que ninguén é profeta na súa terra, e a historia encargouse de confirmar a veracidade desta máxima. Que a un o queiran é o máis fermoso do mundo. Que a un o queiran ademais os seus, os seus paisanos, cando un leva xa tanto tempo vivindo fóra da súa terra, é unha marabilla.

A súa xenerosidade foi enorme e a miña gratitude é inmensa; gratitude que quero expresar, en primeiro termo, ao Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, de quen partiu a proposta da miña candidatura; e á Xunta de Facultade no seu conxunto, quen non só non vetou a proposta senón que acordou tramitala por unanimidade. Debo mencionar aquí, como non, os nomes de José Antonio Redondo, Manuel Castro Cotón, Isabel Blanco, Justino Bastida, José Antonio Varela, Edelmira Neira e o profesor Quiñoá, e neles a todos os membros da Xunta de Facultade. A miña gratitude, por suposto, á Xunta de Goberno da Universidade e, moi

especialmente, ao seu reitor, don Darío Villanueva, sen cuxa conformidade nada tería sido posible.

Confésolles que este importantísimo recoñecemento me reconforta e me anima a seguir traballando como creo que fixen ata agora, para procurar estar ao día na rama do saber que eu cultivo e dállelo todo aos meus alumnos, sen esperar nada a cambio. A formación de bos profesionais nos campos da economía, da administración e das finanzas –non só rigorosos e eficaces, coñecedores das técnicas máis modernas, senón tamén rectos, comprensivos e honestos– constituíu a principal razón de ser da miña propia vida. Administrar ben para que todos poidamos vivir mellor. Este foi o metarrelato do meu discorrer existencial.

Son consciente do que todo isto significa, e prométoles que hei procurar ser en todo momento un digno merecedor da alta dignidade que acabades de conferirme.

Mil grazas a todos os amigos e colegas desta e doutras universidades e cidades de España, quen facendo un alto no seu quefacer diario e vindo, en moitos casos, desde moi lonxe, quixeron estar hoxe aquí comigo. Por obvias limitacións de tempo non os podo mencionar un por un, como a min me gustaría. Pero o seu xesto ou testemuña de amizade hónrame e emocióname. Son as cousas –as pequenas cousas e á vez grandes detalles– que de verdade se agradecen e que un nunca esquece.

#### **A modo de introdución**

Os rapaces que nacemos a finais da nosa Guerra Civil ou en plena Segunda Guerra Mundial e que alcanzamos a maioría de idade a comezos dos anos sesenta somos a xeración do escepticismo e da esperanza: escepticismo, medo e tristeza por todo o que sucedera uns poucos anos antes en España e no mundo, segundo nos ensinaban na escola e nos contaban os nosos maiores; esperanza de que todo aquilo non volvera repetirse, de saír do escuro túnel no que nos atopabamos e de alcanzar algún día un mundo menos miserable.

Somos a xeración coetánea do desenvolvemento da *filosofía existencialista*. Unha corrente filosófica –creada por Kierkegaard, Heidegger e Sartre– que non comparte o optimismo sobre o destino final da humanidade que subxace nas grandes correntes filosóficas anteriores, desde a ilustración ata a aparición do positivismo e do marxismo. O existencialismo puxo o acento no *absurdo* como compoñente da realidade humana; ese absurdo no que Jean Paul Sartre atopou a clave da existencia, a clave das súas náuseas, da súa propia vida.

O expresionismo agrupou en Alemaña, antes e despois da Primeira Guerra Mundial, a un numeroso grupo de pintores que intentaban expresar cos seus pinceis o escepticismo e a angustia do home contemporáneo. Otto Dix describe nun dos seus gravados unha escena de rúa que transcorre en Berlín uns anos despois da conclusión da dita gran Guerra, coa que o réxime militarista e imperial de Guillerme II sufrira unha humillante derrota. Na dita escena un can esmirrado levanta a pata e mexa na pata de pau dun mutilado de guerra. Con ela o expresionismo alemán vén indicarnos o baixo que caera o home europeo, e con el o conxunto do xénero humano.

A arquitectura moderna xorde tanto do optimismo tecnolóxico como da angustia e da desesperación. Tras a carnicería mecanizada da Primeira Guerra Mundial, o novo arquitecto alemán Walter Gropius fundou en Weimar a Bauhaus, unha escola na que haberá de inspirarse toda a arquitectura moderna ou modernista e coa que entronca a obra de dous xeniais artistas: Le Corbusier e Mies van der Rohe. Fronte ao colapso da nova orde social, os arquitectos e os artistas da Bauhaus soñan coa utopía luminosa dunha orde nova.

O escritor checo de orixe xudía Franz Kafka (1883-1924), quen pasou a maior parte da súa vida traballando como empregado nunha compañía de seguros, concibiu a existencia humana como un combate perdido de antemán. No seu mundo literario priman as situacións sen saída, que se gañaron o cualificativo de kafkianas. Nesa realidade vital por el concibida, o home pode converterse nun simple escaravello (*Metamorphose*, 1912) ou ser arrestado sen motivo ningún (*O proceso*, 1921).

#### **A miña infancia en Luaña**

Corrían os primeiros anos de 1940. Era unha época triste e miserable. Todos os nenos tiñamos que ir á escola da aldea, primeiro, e axudar ás nosas familias a realizar os labores do campo, despois. Así e todo a miña infancia en Luaña (termo municipal de Brión, partido xudicial de Negreira, provincia da Coruña) foi a cousa máis fermosa que puido terme sucedido. Tiven a sorte de nacer no seo dunha familia marabillosa, unha familia de emigrantes, sempre a cabalo entre Galicia e a Arxentina e Cuba, primeiro, e Brasil e Venezuela, despois. Os meus pais e os meus avós educáronme no amor ao traballo e ao saber, no respecto aos demais, na disciplina, na honradez, na xenerosidade... Deles aprendín todo o verdadeiramente importante.

Era unha época na que en Luaña aínda había trasnos, meigas, tesouros agachados e santos que facían chover ou que aplacaban os tronos. É o mundo fantástico e marabilloso que aparece descrito no libro da miña autoría *Luaña. Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega* (Vigo: Galaxia, 1979).

En Luaña están tamén os lugares nos que morou *O raposo Careto. Un raposo prieiro e pillabán; campaneiro e sacristán*.

Vivíase en plena harmonía coa natureza e en completa dependencia dela. Todo era paz, felicidade, ledicia.

O verdadeiro problema, a angustia existencial, comezou no momento en que deixei de ser neno e comecei a pensar, ao igual cá maior parte dos rapaces da miña idade, que facer coa miña vida, como encarar o futuro.

#### **A economía da alpargata e da friameira**

A economía en Luaña por aquela época era fundamentalmente autárquica e de subsistencia. Toda a actividade económica estaba orientada ao autoconsumo e non

ao intercambio. Mercábase ou vendíase o imprescindible; o mercado tiña unha función simplemente residual. Durante as longas noites de inverno os nosos pais facíannos zocos e as nosas nais cardaban, fiaban e tecían a la ou o liño co que se facían os nosos vestidos. Vivíase coma se vivira desde tempo inmemorial, desde o tempo dos romanos probablemente.

Só os *vinculeiros* tiñan o seu futuro asegurado facéndose cargo da explotación agraria familiar. Para os demais eran dúas as alternativas que se nos presentaban: aprender algún dos oficios de xastre, zapateiro, ferreiro, canteiro, albanel, carpinteiro..., ou emigrar. O do oficio, a verdade, é que non animaba demasiado. Os que vivían del non parecía que foran moi felices. Andaban a traballar de sol a sol, en alpargatas e coa friameira, por seis reais. Ou sen a friameira, pero a traballar só pola comida.

A outra alternativa era emigrar a algún país de América. Coa típica maleta de madeira feita polo carpinteiro do pobo, un traxe mercado nalgunha tenda de ocasión e o diñeiro da viaxe prestado por algún usureiro, cuxa devolución se aseguraba coa garantía hipotecaria das terras do pai ou dalgún outro familiar que se prestara a iso. E logo a tomar o *Santa María* ou o *Castelo Branco*, á Coruña ou a Vigo, os populares transatlánticos portugueses que durante anos non pararon de transportar emigrantes entre Europa e América.

Esta segunda alternativa era a preferida polos novos máis audaces e emprendedores. O que máis e o que menos soñaba coa aventura americana. Se a aventura saía ben, un regresaría algúns anos despois co seu ostentoso *haiga*, co seu pulseirón de ouro macizo, co seu traxe de confección con chaleco e co seu chapeu de aba ancha ou co típico *pajilla* cubano. E o que aínda era máis importante, o pobo enteiro rendido aos seus pés e as rapazas máis guapas do lugar perseguíndoo por onde queira que fose.

Pero os emigrantes que triunfaban eran os menos. Moitos deles nin sequera puideran devolver o diñeiro da viaxe, outros regresaban repatriados por conta do Estado español e de moitos outros nunca máis se volvía saber.

### **As miñas lembranzas de Santiago**

A miña adolescencia transcorreu entre Santiago e A Coruña. En Santiago de Compostela, na Academia Comercial, preparei por ensinanza libre os estudos de Peritaxe Mercantil, dos que tiñamos que examinarnos na Escola Superior de Comercio da Coruña. O director da Academia Comercial era don Pedro Álvarez, un gran profesor e unha gran persoa, do que aprendín moito. Na Coruña, na Escola Superior de Comercio, cursei, xa por ensinanza oficial, os estudos de Profesorado Mercantil.

Na Academia Comercial coincidín, entre outros compañeiros e amigos, con José Gabriel Barreiro Pérez, Juan Piñeiro, Silverio Nieto Otero, Eugenio Estévez e Manuel Villar Pérez.

### **Os meus anos da Coruña**

Na pensión na que me hospedaba durante os tres anos que residín na Coruña –na praza de Lugo– coincidín cun grupo de estudantes de Náutica extraordinariamente agradables e divertidos. Catro eran vascos, tres asturianos e dous galegos. Varios deles cantaban e tocaban a guitarra bastante ben. Case todas as noites, logo de cear, organizábase unha grande algarada.

Na mesma pensión estaba tamén Manuel Ortigueira Bouzada, da Laxe (Vilagarcía de Arousa), e compañeiro meu na Escola. Foi alí onde se forxou unha sincera amizade entre Ortigueira e mais eu que proseguiría ao longo dos anos.

Na Coruña, na Escola Superior de Comercio, coñecín e establecín amizade tamén con Arturo Sampedro, Rogelio Valiño, Emilio Paredes, Juan Quintás e José Luis Méndez. A Félix Doldán e a José Ramón Docal tamén os coñecín por aquela época, aínda que os dous pertencían a algunha promoción anterior.

Dos catedráticos da Escola Superior de Comercio daquela época gardo un especial recordo de don Serafín Vázquez Costa e de don Antonio Fernández Montells.

### **Os meus anos de formación en Madrid**

Logo de ter concluído os estudos de comercio na Coruña, e grazas ás bolsas concedidas como premio ás miñas cualificacións, trasladeime a Madrid para proseguir cos estudos de economía. Os de Madrid foron para min anos decisivos, tanto desde o punto de vista profesional coma no aspecto intelectual e humano. Aínda que non foron rosas todas as cousas que me atopei polo camiño.

Ter unha bolsa como tiña eu para cursar estudos superiores era unha gran sorte. Pero para poder chegar a fin de mes co diñeiro da bolsa había que facer xogos malabares. Para aforrar custos de transporte, o primeiro que había que facer era instalarse nalgunha das pensións baratas dos arredores do vello casarón de San Bernardo, no que daquela se localizaba a única Facultade de Economía existente na cidade, a primeira creada en España e unha das tres –xunto con Barcelona e con Bilbao– existentes no país naquel momento. Eran pensións de mala morte nas que conviviamos harmoniosamente os estudantes coas prostitutas, cos carteiristas e con demais xente de malvivir; pensións sen calefacción e sen baño, e co teléfono pechado cun cadeado para aforrar gastos. Cada vez que un quería falar por teléfono tiña que pedir permiso e pagar dous reais. Nos cuartos había un lavabo no que un podía asear as mans e a cara. Para bañarse ou para darse un unha ducha como é debido tiña que acudir a algunha das casas de baños públicas. Por seis reais deixaban a un listo para toda a semana.

Só residín nesas lúgubres pensións dous cursos, que non foi pouco. En canto puiden marchei a un colexio maior, onde as condicións materiais eran moi superiores e o ambiente intelectual moito máis gratificante. No Colexio Maior Pío XII, fundado polo cardeal Herrera Oria, atopeime cun ambiente intelectual e humano excepcional. Todos os colexiais do Pío XII, ademais da correspondente carreira de

orixe, tiñamos que cursar unha segunda carreira polas tardes: a de Ciencias Sociais, no Instituto Social León XIII. No León XIII atopeime tamén cunha xente extraordinaria e cun claustro de profesores fóra do corrente. Alí estaban como profesores Ángel Berna, José María Guix e Joaquín Ruiz Jiménez (Don Joaquín), quen nos explicaba, por certo, a materia que versaba sobre a propiedade privada e a súa función social.

### **A Facultade de Ciencias Económicas de Madrid nos anos sesenta**

Como estudante, primeiro, e como profesor axudante, encargado de curso e adxunto, despois, nas aulas da daquela denominada Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais pasei toda a década de 1960. Unha década verdadeiramente suxestiva e sorprendente; a década da confrontación ideolóxica, entre marxistas e non marxistas, socialistas e comunistas, liberais e conservadores...; a década na que o home reaparece de novo, cunha inusitada fe na ciencia e na tecnoloxía (na razón, en suma); unha década na que unha historicidade profunda se apropiara de todas as ramas do saber; e unha década, xa que logo, de fondas contradicións porque situaba o home na ambigua posición ou no terrible dilema de sentirse á vez facedor da historia e minúsculo ou azaroso corpúsculo que no proceso de desenvolvemento histórico global non significaba absolutamente nada, o cal causou na xuventude universitaria daquela época bastante angustia e non poucas precipitacións, como os acontecementos de París de maio de 1968, que o sumiron á súa vez nunha gran decepción ou frustración.

Na Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais atopeime cun gran equipo de insignes mestres e doutos profesores dos que aprendín moito non só no aspecto científico-técnico senón tamén no plano intelectual e humano. Valentín Andrés Álvarez, José Castañeda, Gloria Vegué, José Luis Sampedro, Gonzalo Arnáiz, Ángel Vegas, Carlos Ollero, José María Fernández Pirla, Emilio Figueroa, Ángel Alcaide, Royo Villanova, Fraga Iribarne, César Albiñana, Rodrigo Uría, Sancho Seral, Fuentes Quintana, Salvador Lisarrague, Velarde, Manuel Varela Parache, Gonzalo Anes, Ángel Rojo e Pedro Schwartz, entre outros.

De todos eles hai dous aos que nestes momentos quero e debo dedicarlles un especial recordo e expresarlles unha vez máis a miña gratitude. Refírome a don José María Fernández Pirla e a don Gonzalo Arnáiz Vellando: dous eminentes catedráticos e, para min, queridísimos mestres.

Propúxenme buscar os grandes mestres e atopeinos. Non creo que puidera existir no mundo un centro de ensinanza superior que contara cun equipo de profesores de semellante talla intelectual e humana como o que había naquela Facultade e co que eu me atopei.

O primeiro decano da Facultade de Ciencias Económicas de Madrid foi Fernando María Castiella, ao que sucederían outros relevantes profesores da Facultade ata chegar á etapa de Carlos Berzosa e de Teresa López, a actual decana; a primeira

muller en ocupar este cargo, por certo. Todos eles desempeñaron o cargo cunha gran dignidade, en circunstancias especialmente conflitivas por razóns obvias en numerosas ocasións, sobre todo durante a década de 1960 e os primeiros anos de 1970. Coñecín persoalmente a case todos eles, todos me distinguiron coa súa amizade. De todos eles podo dicir que foron –e seguen sendo os que aínda viven– uns verdadeiros señores.

Carlos Berzosa Alonso-Martínez foi elixido democraticamente para un primeiro mandato no ano 1984 e foi reelixido sucesivamente ata o ano 1998. Ademais dun gran decano e dun excelente compañeiro, soubo gobernar a Facultade cunha grande intelixencia durante unha longa etapa especialmente complicada, a etapa que precedeu e sobre todo que seguiu á LRU (Lei de reforma universitaria), a lei universitaria que fixo boas todas as anteriores, o cal constitúe un récord merecedor de saír no Guinness. A pesar dela, a nosa Universidade segue viva e funciona, grazas á sensatez dos seus profesores e alumnos e, sobre todo, ao espírito de sacrificio das persoas que tiveron que desempeñar cargos de responsabilidade universitaria durante esa época. Pola súa paciencia e polo seu espírito de servizo e de sacrificio a favor de toda a comunidade universitaria, así como aos reitores que durante esa longa e conflitiva etapa souberon estar no punto de mando da Universidade Complutense, quero renderlles desde aquí a miña homenaxe e expresarlles a miña gratitude e recoñecemento.

Durante os anos da década de 1960 España era de feito e de dereito unha ditadura, pero no interior da Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais había tanta ou máis liberdade ca nunha ágora ateniense en tempos de Pericles. Podíase falar de todo, criticar todo e ler calquera libro, mesmo os que teoricamente estaban prohibidos, como eran a maioría dos publicados no Ruedo Ibérico de París. O que non toleraba don Camilo Alonso Vega, á sazón ministro da Gobernación, eran as manifestacións polas rúas na Gran Vía, na cidade universitaria ou en calquera outra praza pública. O mesmo que na Facultade sucedía na maioría dos colexios maiores, no Ateneo, no Café Gijón, etcétera. Eran todos eles interesantísimos foros de discusión intelectual e verdadeiros oasis de liberdade.

A intervención estatal na economía e na planificación económica estaban de moda nos anos sesenta. Foron os anos en que en España comezaba a fraguar, a tomar corpo, o estado de benestar. Aos máis progresistas a planificación económica española, deseñada a imaxe e semellanza do primeiro Plan Monet francés (1947-1952), parecíalles demasiado *light*, pouco intervencionista. Os plans quinquenais rusos (o modelo soviético, en definitiva) constituía para moitos a única referencia válida, o verdadeiro camiño a seguir e o máis directo para alcanzar o paraíso socialista. O último e definitivo estadio no proceso de evolución da humanidade, ao que inexorablemente habería de conducir o desenvolvemento histórico do sistema capitalista ou da economía de mercado debido ás súas propias contradicións internas, segundo prescribía o denominado *socialismo científico* “descuberto” por Karl Marx no século XIX e perfeccionado por unha lexión de discípulos, seguidores e exéxe-

tas, entre os cales se atopaban nos anos sesenta eminentes economistas espallados polos países máis desenvolvidos do planeta.

O pensamento económico dominante na década de 1960, mesmo nos países capitalistas ou de economía de mercado (o denominado mundo occidental), era de signo claramente intervencionista. As ideas do grande economista británico John Maynard Keynes (1883-1946), expostas sobre todo na súa principal obra *Teoría xeral da ocupación, o xuro e o diñeiro* (1936), tiñan daquela plena vixencia. As súas ideas eran aceptadas nas aulas da Facultade case como dogma de fe. Estabamos aínda na era da *economía polo lado da demanda*.

As ideas de Keynes non agradaban demasiado, porén, aos economistas marxistas nin ás distintas agrupacións estudantís da esquerda revolucionaria. Eran vistas por eles coma un parche ou componenda coas que o único que se conseguía era prolongar a agonía do capitalismo.

Os que por esixencias do programa da materia tiñamos que explicar a empresa e o mercado durante os últimos anos da década de 1960, no marco dun sistema de economía de mercado, por suposto, pasabamos as de Caín. Case tiñamos que entrar na aula provistos de armadura, casco e espada coma os guerreiros medievais. O mercado era considerado coma o gran Leviatán, o causante de todos os males que lle sucederan á humanidade ata ese momento, que había que facer desaparecer como fora; e os empresarios, coma os grandes espoliadores do sistema. Os novos universitarios daquela época consideraban os empresarios coma uns seres sinistros que enchían os seus petos a expensas dos demais. Dicir que o obxectivo fundamental da empresa capitalista era o consistente na maximización do seu beneficio ou lucro era considerado polos estudantes daquela época case como delituoso, e os profesores que ousaban dicilo coma uns carcas reaccionarios.

Lembro que no ano 1968 veu verme un grupo de estudantes, co delegado de curso á cabeza, para expresar a súa preocupación polo feito de que eu lles explicara fundamentalmente en clase o funcionamento da empresa capitalista e non a empresa socialista, o que de verdade lles interesaba a eles, dada a inminencia da extensión do sistema comunista por todo o planeta. Conseguín tranquilizalos un pouco dicíndolles dúas cousas. Primeiro, que a implantación do réxime comunista nos países de occidente a min non me parecía tan inminente como eles crían. E segundo, que o dito para a empresa capitalista era válido nun 90% para a empresa socialista; que en lugar de maximizar beneficios habería que minimizar custos e que todo o demais sería máis ou menos igual; que logo das ideas liberalizadoras de Evsei Liberman, profesor da Universidade de Jarkov, e doutros eminentes economistas rusos entre os anos 1962 e 1964, inspiradoras da gran reforma económica levada a cabo por Nikita Kruschev no ano 1965, o beneficio empresarial como criterio ou norma de rendibilidade (aínda que moi limitado e controlado) era admitido na propia Unión Soviética; que tranquilos, que se a chegada do comunismo fora tan inminente como eles crían, eu prometíalles que nun cursiño dunha ou de dúas semanas os poñería ao día.

Así e todo, para calmar os ánimos da masa estudantil enfurecida coa empresa capitalista, vinme obrigado a incluír no programa varias leccións sobre o funcionamento da empresa na Unión Soviética; leccións que tiveron moi boa acollida entre os estudantes e que me serviron a min para que os meus alumnos me respectaran.

Os estudantes liberais –que os había– agochábanse entre a gran masa estudantil e non se atrevían nin a falar. E os estudantes de dereitas, simplemente por confesar que o eran, corrían o risco de ser linchados. Algúns dos estudantes liberais, intelixentes e brillantes eran xa daquela –e o seguen a ser hoxe– bos amigos meus. Tiven claro desde moi novo que a liberdade era o valor social máis fundamental, o ben máis precioso, e fixen miña desde moi novo a famosa sentenza de Indalecio Prieto, o ministro de Facenda da Segunda República: “*Soy socialista a fuer de ser liberal*”. Aos liberais eu animábaos a que participaran nas discusións, nos debates e nos coloquios de clase para que non foran monopolizados polos estudantes de ultraesquerda; que defenderan as súas ideas sen medo nin complexos. Pero nin así.

#### **A miña etapa de posgraduado**

Desde que terminei os meus estudos de licenciatura no ano 1964 ata que gañei por oposición a cátedra de universidade no ano 1970, mentres facía o doutoramento e me curtía na carreira académica dando clases na Facultade (como profesor axudante, primeiro, encargado de curso e adxunto, despois), así como no ICADE, no CEU e onde un podía para poder gañar o diñeiro necesario co que poder vivir dignamente –ou cando menos sobrevivir–, residín no Colexio Maior de Posgraduados Menéndez Pelayo e na Residencia Universitaria de Posgraduados San Alberto Magno.

Esta etapa foi para min sumamente enriquecedora desde o punto de vista intelectual e humano, non só porque me permitiu afondar nas miñas principais áreas de especialización no campo da economía e da administración de empresas, senón tamén porque nas institucións polas que pasei como profesor e nas que residín puiden coñecer e forxar lazos de amizade con novos profesores e investigadores das máis variadas procedencias: desde a filosofía e a teoloxía ata a física e a bioloxía, pasando pola ciencia xurídica, a historia, a literatura, a lingüística ou a medicina. Novos investigadores, profesores e opositores que na súa maior parte son hoxe (ou fórono xa) personalidades relevantes no mundo da ciencia ou da cultura, da Administración Pública, da empresa ou da política.

#### **Galicia no corazón**

Ninguén deixa a terra en que naceu por gusto. Eu funme a Madrid porque n aquel momento non había en Galicia os estudos que eu quería facer. Pero todo galego que sae da súa terra soña con volver a ela algún día. Temos os galegos fama de

ser xente sería, honrados e traballadores. Acéptasenos e respéctasenos en todas as partes e, ademais, cando estamos fóra da nosa terra somos os galegos moi solidarios e botámonos unha man os uns aos outros sempre que podemos.

Desde que cheguei a Madrid no ano 1960 e ata que me fun de catedrático a Málaga no ano 1970, atopeime e fíxenme amigo de galegos de todas as cores. Con José Ventura Feijóo, Alfonso Vázquez Vaamonde, Álvaro Porto Dapena, Francisco García Picher, Luis Blanco Vila e Luis Carrera Pásaro atopeime no Mayor Pío XII. Os irmáns Moralejo Álvarez (José Luis e Juan José), Carlos Núñez, Victorio Magariños, Nicolás García Soto e Alfredo Deaño estaban no Colegio Mayor Menéndez Pelayo, naquel momento dirixido por outro ilustre galego, don Luis Sánchez-Harguindey Pimentel.

Ao chegar á Facultade fíxenme enseguida amigo de Senén Castro Peña y Trinta. Algúns anos despois atopeime tamén na Facultade a Antonio López Díaz e a José Luis Méndez, con quen máis tarde coincidín na Residencia Universitaria de Posgraduados San Alberto Magno. Foi daquela cando coñecín tamén a González de Páramo, José Terceiro, Manuel Blanco Losada, Feliciano Barrera Fernández, Álvaro Rodríguez Bereijo, Ferreiro Lapatza e María Avelina Besteiro.

En San Alberto estaban tamén Carlos Roura Roig, Luciano Vázquez Guillén, Benito Raminundo, Gerardo Burgos, Eduardo Abril e os irmáns Cal Pardo (Francisco e Enrique). A través de Luciano Vázquez Guillén fíxenme amigo dos seus irmáns Argimiro e Antonio.

Uns días antes de presentarme á oposición convocada para cubrir dúas cátedras da miña especialidade nas Universidades de Granada (Facultade de Económicas de Málaga) e de Valencia, a primeira vez que me presentaba a unha cousa de semellante calibre, veu verme a Madrid Don Luis Suárez-Llanos, o decano da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, acabada de crear, para ofrecermos a posibilidade de dotar unha cátedra da miña especialidade na súa Facultade para que eu me fora alí. Esta posibilidade reiterouma un ano e medio máis tarde don Bernardo Pena Trapero, o seguinte decano desa Facultade. Aos dous díxenlles o mesmo. Que non. Que moitas grazas. Que estaba pendente de que me dotaran unha cátedra en Madrid, onde xa botara moitas raíces e que non pagaba a pena complicar máis as cousas. A ambos os dous lles dixen tamén que o meu paso por calquera universidade fóra de Madrid que non fora Santiago sería transitorio. Que se a promesa que se me fixera na Universidade Complutense non se cumpría que me iría a Santiago definitivamente.

Os meus amigos da Complutense cumpriron a súa palabra e a miña vinda a Santiago frustrouse. Cómpre dicir, porén, que o ofrecemento que me fixeron don Luis Suárez-Llanos e don Bernardo Pena llelo agradecín infinitamente e llelo agradeceirei mentres viva.

Estando xa de catedrático na Universidade Complutense de Madrid chamáronme por teléfono da Facultade de Económicas de Santiago Bernardo Pena e Juan Quintás. Pedíanme para o curso 1974-1975 algún profesor solvente de Economía

da Empresa, porque para impartir as ensinanzas de Ciencias Empresariais recentemente implantadas carecían de profesores suficientes. Recomendeilles a don Camilo Prado Freire e a don Luis Tomás Díez de Castro, que foran alumnos meus en Málaga, novos doutores en Economía, e que se atopaban facendo estudos posdoutorais en UCLA (a Universidade de California en Los Ángeles), bolseiros pola Fundación Fullbright. Era o mellor que podía ofrecerlles naquel momento. E así foi.

O labor realizado por estes dous novos profesores, sobre todo por Camilo Prado, que foi quen máis tempo permaneceu en Santiago, á vista está de todos, do que me alegro enormemente, como é lóxico.

### **O meu paso por Málaga**

Na Facultade de Ciencias Económicas de Málaga estiven catro anos, desde o ano 1969 ata o ano 1973, o primeiro como catedrático interino de Economía da Empresa e os tres últimos como catedrático titular desa disciplina sendo, ademais, decano da Facultade durante os dous últimos anos. A de Málaga constituíu para min unha valiosa e enriquecedora experiencia. Os dous primeiros anos residín no Colexio Maior Javier, que os xesuítas tiñan no Palo, e alí fixen unha boa amizade con moitos estudantes.

No Claustro da Facultade coincidín con Alfonso García Barbancho, Ramón Tamames, Antonio Santillana, José Jané, José Ortiz Díaz, Juan Díaz Nicolás, Cabrera Bazán, Juan do Pino e Eduardo Polo, entre outros ilustres profesores.

Nas miñas frecuentes viaxes en avión entre Madrid e Málaga adoitaba coincidir con Ramón Tamames, membro do clandestino e aínda ilegal Partido Comunista. A súa compañía era sempre moi agradable; culto, intelixente, brillante, creativo e en modo ningún sectario. Ademais dun prestixioso economista e insigne catedrático de Estrutura Económica, Ramón Tamames representaba por aquela época a estética da esquerda española.

Estando en Málaga coñecín e namoreime da miña esposa Mariyoyi, e en Málaga naceu a nosa filla Inés; Pablo xa naceu en Madrid.

### **De novo en Madrid**

En outubro do ano 1973 reincorporeime de novo á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense, á cátedra de Economía Financeira, á que accedín en virtude dun concurso de méritos, cometido académico que desempeñei ata a data e no que sigo. Durante os anos en que fun conselleiro de Contas do Tribunal de Contas do Reino pasei á situación administrativa de excedencia especial (ou de servizos especiais, como se denominou máis tarde).

Nesa data –1973– desencadeouse a crise da enerxía e das materias primas; a denominada crise dos setenta atopábase no seu punto álxido. As receitas de tipo key-

nesiano mostráronse inadecuadas para superar os graves desequilibrios económicos (paro, inflación, déficit exterior...) causados pola nova crise, e iso fixo renacer a denominada *economía polo lado da oferta*.

A década de 1970 foi unha década na que se sucederon moitas cousas dentro e fóra das nosas fronteiras: a interrupción pola forza das armas do réxime democrático en Chile e a morte violenta do seu presidente Salvador Allende ou a transición democrática en España e a aprobación en referendo da Constitución de 1978.

No ano 1973 publican Fisher Black e Myron Scholes o artigo no que presentaron a súa célebre fórmula para a valoración de opcións; a ecuación diferencial que revolucionou o mundo financeiro.

A planificación económica estatal, case un mito nos círculos académicos, entra en crise a mediados de 1970 e é arredada case por completo na década de 1980. O fracaso da planificación económica ao estilo soviético fixérase xa patente na década de 1960. O mercado volve situarse no centro do universo.

Ao final da década de 1980 –no ano 1989– ten lugar a caída do Muro de Berlín.

### **A era da globalización**

O fenómeno da globalización é reducido con frecuencia á súa dimensión comercial. Pero o verdadeiramente novo non é tanto a intensificación dos intercambios comerciais e a súa xeneralización a un maior número de países como o incremento da mobilidade internacional dos factores produtivos, e non só do capital senón tamén do traballo. O impacto sobre o mercado de traballo é demoledor. Nos países industrializados a inmigración debilita o poder de negociación dos asalariados sobre os seus patróns. A deslocalización (isto é, o desmantelamento das fábricas e a súa relocalización en países nos que as condicións do mercado de traballo son máis favorables para os empresarios) aumenta o paro; a simple ameaza de deslocalización é suficiente para forzar unha redución dos salarios ou a degradación das súas condicións de emprego. A globalización obriga a competir, directa ou indirectamente, aos asalariados do mundo enteiro e provoca un aliñamento á baixa das condicións de traballo.

Logo da caída do Muro de Berlín no ano 1989, a economía de mercado imponse en todos os países, incluída a China comunista. O número de países membros da Organización Mundial de Comercio (OMC) non fai senón aumentar. Ás súas portas chaman non só os novos países industrializados senón tamén os países en vías de desenvolvemento.

As empresas multinacionais ou transnacionais son o gran motor da globalización. As duascenas primeiras empresas multinacionais son grandes conglomerados cuxas actividades produtivas planetarias cobren sen discriminación os sectores primario, secundario e terciario. O volume de vendas ou a cifra de negocios de calquera das grandes compañías transnacionais é superior á renda nacional de moitos ou da maioría dos países membros das Nacións Unidas. Un puñado de grandes empresas dominan o comercio mundial dos produtos básicos.

Agora, cando as oficinas de planificación económica dos Estados nacionais parecen ter tirado a toalla, os planificadores estratéxicos das grandes multinacionais tómanlles o relevo. Alguén ten que facelo. Como dixo Stephen Hymer (1960): “*a empresa multinacional é o vehículo utilizado para organizar a colusión no nivel mundial, un arma nova no arsenal da rivalidade competitiva*”.

Dous son os piares sobre os que se sustenta o funcionamento económico actual da humanidade no seu devir cara á sociedade global: *libre comercio e dereitos humanos*. Dous piares antitéticos que precisan dun terceiro que actúe de árbitro ou de moderador dos conflitos que irán emerxendo cada vez con maior virulencia a medida que aqueles se vaian enchendo de contido. Este terceiro piar non é outro cá existencia dun Estado mundial, cuxa configuración se atopa nos seus inicios e cuxa plasmación aínda hoxe é utópica. Pero se a economía se globaliza, a política tamén terá que globalizarse.

#### **A modo de conclusión**

Coa posmodernidade, o mercado, a economía de mercado e o economicismo en xeral sitúanse no centro do universo para ocupar un espazo co que nunca soñaron os seus máis entusiastas defensores. Un espazo que alcanza todo o planeta Terra, e está no empeño de estenderse a outros planetas. A teoría económica converteuse nunha teoría xeral da acción humana, nunha teoría xeral da sociedade. Todo se mira baixo o filtro do competitivo principio da conta de perdas e ganancias, de se é ou non un bo negocio, o cal constitúe a máis xenuína expresión da perversión materialista da sociedade actual.

Estamos asistindo ao gran banquete dos bens e recursos naturais máis prezados, renovables e non renovables, que a nai natureza nos regalou. Contamínase e destrúese o medio no que o home xurdiu como especie vivente. Estase vivindo o presente da maneira máis descarada e absoluta, como se o pasado non existira e o futuro non importara.

#### **Últimas palabras**

Saín da casa onde nacín, unha casa de labradores de Luaña, un día de outubro do ano 1953, cando aínda era un neno. Os meus pais querían que estudara un pouco de cálculo mercantil e de contabilidade antes de que tivera que emigrar para Cuba, para a Arxentina ou para Venezuela, como fixeran todos os meus devanceiros. Lémbrome que saímos de casa de noite cunha luz de carburo acendida para coller o Castromil das oito que baixaba de Muros-Noia e que chegaba a Santiago sobre as nove da mañá. Atravesamos espesos bosques de carballos, piñeiros e castiñeiros, polo camiño do Regueiro dos Vello, duns cinco quilómetros de longo, que levaba de Luaña a Urdilde. Había que facelo a pé, a cabalo ou en carro de bois. Non había outra maneira.

Naqueles tempos non había en Luaña nin coches nin estradas. As casas non tiñan os servizos máis elementais. Eran os tempos nos que aínda se durmía en colchón de follato, sobre un piso sobrado de madeira que servía de teito á corte das vacas, á vez que as vacas quentaban os dormitorios. As terras aínda se labraban co arado romano. Dous ou tres anos antes chegaran ás casas da miña aldea (Goiáns) a auga corrente e tamén a luz eléctrica. Pero todo iso foi feito co traballo e co diñeiro dos propios veciños, sen ningunha axuda de fóra.

Hoxe a comarca na que eu nacín, igual cá maior parte das terras de Galicia, está completamente descoñecida. E non falemos da Galicia urbana, onde o progreso aínda foi máis extraordinario.

Na miña bisbarra –e penso que algo semellante sucede noutras moitas zonas de Galicia– non hai casa que non teña un ou dous cuartos de baño, un ou dous televisores, teléfono, frigorífico, ordenador vinculado a internet, máquinas e aparellos para os labores agrogandeiros de toda clase.

Os galegos son (somos) xentes tenaces, traballadores, amigos de ter (aforradores), arriscados, educados na moral do esforzo, acostumados a gañar o pan de cada día co suor da cabeza e a arrancar das entrañas da terra ou do mar toda a mantenza que sexa precisa.

Pero o milagre económico do campo galego está a punto de virse abaixo. Pintan bastos para a Galicia campesiña e mariñeira.

Temos que recoñecer –e isto é unha boa cousa– que Galicia está transformándose nun país urbano e industrial.

Teño a certeza de que un dos máis grandes desafíos para a Galicia de hoxe é, penso eu, salvar o campo, xunto co fomento do desenvolvemento das industrias agrogandeiras. O prezo da venda da maior parte dos froitos do campo non cobren os custos. Na miña zona –a comarca do baixo Tambre–, a maior parte dos labradores xa tiraron a toalla e venderon a cota do leite, as vacas e todo o que puideron. Cada vez son menos os labradores que limpan de mato e de touza os montes para fuxir do lume. A maior parte das casas das aldeas están baleiras ou derrubadas no chan.

E agora como remate de todo isto chega a Galicia a doenza das vacas tolas, e ameaza con vir tamén a gripe. Dous inquietudes que hai que engadir a moitas outras.

Os novos non queren as terras. Xornaleiros tampouco hai, e os que quedan cobran en ouro. Todos os traballos teñen que facerse con máquinas. Cando non hai que comprar unha nova máquina hai que arranxar outra. Total, que á maioría dos labradores –os poucos que quedan xa– non lles dá o muíño para os ferros.

“*Se non deixas as leiras non che quero*”. Esta é unha frase que adoitan dicirlles as mozas aos mozos labradores que aínda quedan, que acostuman ser os labradores máis ricos que se resisten a abandonar o modo de vida da súa familia. Ante a ameaza de quedar solteiros déixano todo, e o fillo vinculeiro vai buscar traballo de camareiro, de albanel, de mecánico ou do que sexa, mentres o país e sobre todo os

avós quedan chorando na casa. O conto non é unha broma. Para que despois digan que as mulleres non teñen poder.

Creo que os concellos poden e de feito están facendo cousas de moito proveito para a Galicia campesiña. Pero para facerlle fronte a un desafío de semellante envergadura aos concellos failles falta contar coa axuda de todas as Administracións, das deputacións, da Xunta, de Madrid e de Bruxelas...

Existen tamén programas comunitarios de parecidos obxectivos dos que se pode sacar froito se se saben aproveitar ben.

Non nos podemos esquecer do campo, aínda que só sexa por razóns ecolóxicas. Hai que reter a xente alí como sexa, poñendo á súa disposición unhas condicións adecuadas para levar unha vida digna. Ademais, no longo prazo, seguro que han vivir mellor na aldea que pedindo esmola na cidade.

O panorama do mar non é mellor ca o do campo. Pola competencia de frotas doutros países xa case non queda peixe no mar. Nos cultivos mariñeiros eu penso que pode estar o porvir do peixe en Galicia.

*Galicia mariñeira e campesiña,  
non morras, Galicia miña.  
E se tes que morrer  
non morras sen min.  
Pois aínda que me fun,  
volvín.*

E nada máis, señoras e señores. Grazas. Moitas grazas.  
Como dicimos aquí: *Deus volo pague a todos.*  
Isto é todo.

**DISCURSO DE GABANZA DO DOUTORANDO PRONUNCIADO  
POLO SEU PADRIÑO, O DOUTOR D. JOSÉ ANTONIO REDONDO LÓPEZ,  
CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE DA  
FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS**

Excelentísimo e magnífico señor reitor.  
Excelentísimos e ilustrísimas autoridades.  
Queridos compañeiros, doutores e profesores.  
Membros da Universidade.  
Señoras e señores.

Para os que dedicamos unha gran parte da nosa vida á universidade, existen momentos inesquecibles que, sen dúbida, compensan o enorme sacrificio necesario para desenvolver con dignidade o labor que a sociedade nos ten encomendada. Hoxe estamos nun deses momentos: a nosa Universidade concédelle a un dos seus máis egregios representantes a súa máis alta distinción polos méritos acumulados

ao longo dunha traxectoria exemplar. Ao inicio deste acto dixen que “*os seus méritos, o seu maxisterio e as súas obras falan por el*”. Todos os que estamos aquí presentes somos conscientes de que é así.

Poder apadriñar o profesor Andrés Santiago Suárez Suárez é un privilexio que necesariamente debo compartir cos meus compañeiros do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade que con tanto entusiasmo apoiaron a proposta, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago que unanimemente a referendou, coa Xunta de Goberno que a subscribiu e, por suposto, co reitor, o profesor Darío Villanueva, pola súa colaboración e consideración con este acto tan importante para a nosa Facultade.

Cómpre lembrar neste punto –e aquí están moitas testemuñas– a estreita colaboración do profesor Suárez, hai xa máis de trinta anos, nas primeiras etapas dos estudos de economía en Santiago: primeiro como asesor na configuración das disciplinas de Economía da Empresa e, máis tarde, coa súa continua colaboración en teses de doutoramento, seminarios, conferencias e, sobre todo, o seu permanente maxisterio.

O profesor Andrés Santiago Suárez Suárez nace o 6 de outubro de 1939 en Luaña, parroquia de Brión, e comeza os seus primeiros estudos de economía na Academia Comercial, situada na praza de Cervantes, e na que D. Pedro Álvarez iniciaba nos estudos mercantís aos novos composteláns interesados por facer carreira na banca ou no comercio. D. Pedro Álvarez, home de talla excepcional e gran pedagogo, soubo apreciar as calidades extraordinarias do que sería, na súa longa vida docente, un dos seus alumnos predilectos. Os seus sabios consellos e o seu estímulo contribuíron, sen dúbida, a orientalo cara a metas máis ambiciosas.

Estuda Profesorado Mercantil na Escola Superior de Comercio da Coruña na que aínda hoxe se lle lembra como un dos alumnos máis brillantes. No ano 1960 trasládase a Madrid e inicia os estudos de economía na Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais da Universidade Complutense, que finaliza no ano 1964 coa cualificación media de sobresaliente nas especialidades de Economía Xeral e de Empresa. No ano 1969 obtén o grao de doutor coa cualificación de sobresaliente *cum laude* e o premio extraordinario.

### **Labor docente**

Inicia a súa carreira docente na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade Complutense no ano 1964 como profesor axudante de Economía e Teoría da Contabilidade, pasando a ocupar a praza de profesor adxunto de Economía da Empresa ata o ano 1970.

Obtén a praza de catedrático de Economía da Empresa na Facultade de Ciencias Económicas de Málaga co número un, ocupándoa desde o ano 1970 ata o ano 1973 e asumindo o Decanato desa Facultade durante o bienio 1971-1973. Da súa estada en Málaga xorde a súa primeira fornada de discípulos, entre os que cabería destacar

os profesores D. Manuel Ortigueira Bouzada, D. Luis Tomás Díez de Castro e D. Camilo Prado, persoa clave na configuración dos estudos de Empresariais na nosa Comunidade Autónoma.

No ano 1973 accede á cátedra de Economía da Empresa da Universidade Complutense, pasando a ser catedrático de Economía Financeira da mesma Universidade desde o ano 1984 ata a actualidade.

O seu labor docente veuse compaxinando en centros de recoñecido prestixio:

- Profesor principal de Economía da Empresa no Centro de Estudos Universitarios (CEU) adscrito á Universidade Complutense de Madrid.
- Profesor principal no Instituto Católico de Dirección de Empresas (ICADE).
- Profesor principal e director de área do Colexio Universitario de Estudos Financeiros (CUNEF).
- Profesor e director do Departamento de Economía da Empresa e Contabilidade da Universidade Nacional de Educación a Distancia.
- Coordinador da área de Finanzas do Centro de Estudos Superiores Sociais e Xurídicos *Ramón Carande* de Vicálvaro.

A súa portentosa capacidade pedagóxica, a meticulosidade na preparación das súas leccións e conferencias, unido a unha oratoria coidada e comprometida –que non decaeu ao longo da súa dilatada traxectoria–, é lembrada por todos os alumnos que tiveron o privilexio de telo como profesor.

#### **Labor investigador**

A súa actividade docente foi sempre unida á súa actividade investigadora, como o demostran as súas numerosas publicacións e achegas científicas ás que nos referiremos máis tarde.

Ao longo da súa traxectoria universitaria gozou de bolsas de investigación concedidas polo Ministerio de Educación e Ciencia, así como por prestixiosas fundacións e universidades, entre as que podemos destacar:

- Bolsa para estudos en España pola Fundación Juan March.
- Investigador asociado honorario no Departamento de Economía pola División de Graduados da Universidade de California, Berkeley.
- Invitado pola Universidade de Miami para formar parte do grupo de expertos en economía, leis e finanzas dos Estados Unidos por iniciativa da Cámara Chinesa de Promoción do Comercio Internacional.
- Profesor visitante da prestixiosa Graduate School of Business da Universidade de Harvard para desenvolver unha investigación sobre *Public utilities*.
- Bolseiro pola Fundación FORD.

### Contribucións científico-técnicas

Sería excesivamente prolixo e incompatible coa brevidade que este acto require presentar as innumerables contribucións do profesor Suárez á ciencia económica. Estes días publícase o seu libro número vinte e un; estes libros, unidos aos seus máis de sesenta artigos e sen contar os seus innumerables prólogos, artigos xornalísticos e conferencias, serían merecedores, para facerlle xustiza, máis ca dunha *laudatio* dunha tese de doutoramento sobre o seu pensamento. Por iso, permítaseme esbozar unha pincelada sobre a súa extraordinaria obra científica.

O seu traballo, orientado inicialmente ao campo da investigación operativa, supón un avance considerable na sistematización e simplificación de metodoloxías matemáticas que pola súa complexidade carecían dos referentes económicos precisos para a súa aplicación no mundo da empresa. Desta etapa podemos destacar:

- A formulación dun modelo de programación de investimentos en termos de programación lineal enteira con restricións financeiras, transferencias temporais de fondos e investimentos desprazables no tempo<sup>1</sup>.
- A demostración dos teoremas fundamentais da dualidade en programación lineal (que el denomina da coincidencia, da complementariedade e da correspondencia) de maneira distinta a como se fixera con anterioridade, cunha maior sinxeleza e sen mingua do seu rigor<sup>2</sup>.
- Proposta dun novo método de asignación de recursos que o autor denomina “das orixes e dos destinos” a partir do problema do transporte formulado por F.L. Hitchcock no ano 1941.
- Contribución ao estudo da localización de plantas industriais e establecementos comerciais e proposta dun novo método para determinar a localización óptima da unidade económica de produción<sup>3</sup>.
- Demostración matemática do principio de localización óptima segundo a mediana en espazos unidimensionais<sup>4</sup>.
- Foi o primeiro economista que aplicou ao caso español a tese de R. Gibrat ou lei do efecto proporcional, segundo a cal o crecemento das empresas é un simple proceso estocástico. A conclusión principal é que para o período estudado a empresa española comportouse segundo a dita lei<sup>5</sup>.

---

<sup>1</sup> Modelo que aparece publicado por primeira vez no artigo do autor “Los criterios clásicos de determinación de la rentabilidad y selección de inversiones. Crítica y esbozo de un nuevo modelo de programación de inversiones”, *Revista Racionalización*, (marzo-abril de 1969), pp. 73-79. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

<sup>2</sup> Na súa obra *Aplicaciones económicas de la programación lineal*, cap. I. Madrid: Guadiana de Publicaciones, 1970.

<sup>3</sup> *Boletín de Estudios Económicos*, vol. XXV, núm. 81, (decembro de 1980), pp. 728-744. Bilbao: Universidad Comercial de Deusto.

<sup>4</sup> *Revista de Economía Política*, núm. 74, (setembro-décembro de 1976), pp. 171-178. Madrid: Instituto de Estudios Políticos.

<sup>5</sup> Os resultados da dita investigación aparecen recollidos na *Revista Económicas y Empresariales, Revista de la Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED)*, núm. 3, 1977, pp. 116-132 e núm. 5, 1978, pp. 56-63.

A súa contribución ao campo das finanzas ten un valor extraordinario xa que estamos ante o primeiro autor que achega unha visión global do enfoque financeiro da empresa. Neste sentido, a súa obra *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa* (primeira edición no ano 1976 e décimo oitava edición no ano 1996, 931 páxinas) senta as bases da disciplina e, á vez, constitúe un dos referentes nos que se educaron ao longo dos últimos vinte e cinco anos todas as promocións de economistas, non só de España senón tamén en Hispanoamérica, para as que constitúe un clásico. “*El Suárez*”, tal e como se lle coñece no ámbito universitario actual, é comparable ao que no seu día significou na formación das primeiras promocións de economistas en España *El Castañeda, El Rojo, El Fuentes Quintana, El Tamames, El Fernández Pirla*, entre outros.

Na obra o autor presenta unha nova teoría da empresa que denomina teoría financeira. Dúas maneiras diferentes de contemplar o fenómeno microeconómico: a óptica neoclásica e a perspectiva financeira, dous enfoques que atopan o seu referente no ámbito macroeconómico nas cruces de Marshall e de Fisher, respectivamente.

O profesor Suárez concibe a empresa e o fenómeno económico en xeral de maneira singular: fronte á teoría económica neoclásica que identifica empresa –desde o lado produtivo– coma un mecanismo de transformación de materias primas en produtos terminados, o profesor Suárez concibe a empresa –desde o lado financeiro– coma un mecanismo de transformación de aforro en capital produtivo<sup>6</sup>.

Desde o punto de vista da súa fenomenoloxía económico-financiera, define a empresa como unha sucesión no tempo de proxectos de investimento e financiamento. Para que a empresa poida sobrevivir e, de ser o caso, medrar, a taxa de retorno ou tipo de rendemento interno dos investimentos realizados ha ser superior ao custo medio ponderado dos recursos financeiros utilizados no seu financiamento. No descubrimento de oportunidades de investimento cuxa rendibilidade supere o custo do capital utilizado no seu financiamento radica a esencia da función empresarial.

Nos conceptos de tipo de rendemento interno e custo do capital atópanse resumidos todos os teoremas e os aspectos fundamentais da moderna administración de empresas. Elas son dúas das tres grandes comportas que regulan o caudal da actividade económica nacional; a outra está no tipo de cambio da divisa nacional<sup>7</sup>.

A empresa é, en palabras do profesor Suárez, un investimento agregado e organizado; agregado porque a empresa non é senón a estela que deixa o solapamento temporal de varios proxectos de investimento en marcha; e organizada porque este conxunto de investimentos non é un simple conglomerado ou amoreamento de ac-

---

<sup>6</sup> *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa*. Madrid: Pirámide, 1998.

<sup>7</sup> Conclusión última do traballo citado “Economía y finanzas. De la teoría de los mercados a la teoría de la empresa”, traballo recollido na obra colectiva editada por Ramón Febrero *Qué es Economía*, pp. 549-579. Madrid: Pirámide, 1997.

tividades produtivas froito do azar ou do capricho dos directivos senón a lóxica consecuencia dun plan racional coidadosamente elaborado. Pero, ademais, a empresa, segundo sostén na súa obra *Curso de Economía de la Empresa*<sup>8</sup>, é un sistema de coordinación central, unha unidade de dirección ou de planificación.

O seu labor como conselleiro do Tribunal de Contas serviu tamén para enriquecer, con importantísimas contribucións, o campo da auditoría e control do sector público. Durante os nove anos que permaneceu no Tribunal de Contas publicou numerosas monografías e artigos que mereceron o recoñecemento nacional e internacional, sobre todo no que se refire ao control de eficacia e economía, o significado económico dos conceptos e o alcance que a estes conceptos debería dársele nos traballos de fiscalización ou de auditoría pública.

No seu traballo “Reflexiones sobre la deuda pública y su control”, relatorio presentado no *Encuentro Internacional de Entidades Fiscalizadoras Superiores*, organizado conxuntamente polo Tribunal de Contas de España e pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) en Sevilla no ano 1988<sup>9</sup>, o profesor Suárez mostra o seu desacordo co teorema da equivalencia formulado por David Ricardo a principios do século XIX e reelaborado modernamente, segundo o cal, en determinadas condicións, a substitución de impostos por débeda no financiamento do gasto público non altera a riqueza total neta percibida pola colectividade. O profesor Suárez considera que o endebedamento é a droga dura do estado do benestar.

Da súa etapa no Tribunal de Contas é tamén o traballo “El atraso económico de los pueblos”<sup>10</sup>, no que identifica o sistema da “economía caciquil”. Non é a economía caciquil, segundo puntualiza o autor, un modelo ideal de organización económica, nin tampouco é a economía caciquil unha economía de progreso. Fronte á arbitrariedade da economía caciquil, fiel aliada da oligarquía financeira e do poder político, avoga o profesor Suárez pola fría racionalidade das leis do mercado e a eficiencia do sector público, os dous únicos mecanismos capaces de facer saltar os resortes caciquís que atenazan aos pobos e ás rexións subdesenvolvidas.

O seu incesante labor no campo financeiro completouse recentemente coa excelente proposta dun indicador de cohesión estrutural ou estabilidade conxuntural da empresa. Un novo indicador para a análise financeira de grande utilidade práctica cuxa fundamentación teórica está no traballo do autor “Más acerca del riesgo económico y del riesgo financiero”<sup>11</sup>, publicado no ano 1998 na revista *Análisis Financiero*. Mediante este indicador, que o autor denomina de cohesión estrutural ou estabilidade conxuntural, pódese determinar o tramo do volume de vendas (isto é, o intervalo da súa cota de mercado) que lle garantirá á empresa unha forte cohesión

---

<sup>8</sup> *Curso de Economía de la Empresa*. 7ª ed. Madrid: Pirámide, 1996.

<sup>9</sup> Recollida na obra colectiva editada polo Tribunal de Contas co mesmo título (Madrid, 1989, pp. 101-111).

<sup>10</sup> “El atraso económico de los pueblos. Las verdaderas raíces del problema”, *Anuario Mexicano de Relaciones Internacionales*, pp. 343-356. México: Universidad Nacional Autónoma de México.

<sup>11</sup> “Más acerca del riesgo económico y del riesgo financiero”, *Análisis Financiero*, 3º cuatr., núm. 76, pp. 6-19. Madrid.

estrutural ou sólida estabilidade (zona de abrigo), ou unha estabilidade fráxil (zona de perigo) cando se atopa ao borde do abismo.

Nun réxime económico de libre empresa ou sistema de economía de mercado, conclúe o profesor Suárez, só pode existir unha certa estabilidade económica cando a demanda tende a crecer de maneira ilimitada ou os custos fixos das unidades económicas de produción tenden a cero.

O seu labor ao longo de máis de corenta anos ten contribucións de extraordinaria importancia científica: a súa proposta sobre unha nova escola ou filosofía organizativa, que el denomina ecoorganización, ou a identificación, xustificación e proposta da “teoría das burocracias rasantes”, segundo a cal as relacións estruturais de autoridade, polo que ao exercicio diario da xestión se refire, establécense por fóra e nelas quen manda é o cliente ou o usuario do servizo público<sup>12</sup>.

Nestes traballos o profesor revélasenos como un pensador profundo, crítico e socialmente comprometido o que, sen dúbida, constitúe unha das constantes máis recoñecidas do seu labor e que o catalogan como un dos grandes eruditos do pensamento económico. No discurso de investidura como *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Sevilla mantén unha postura inequívoca sobre o seu planeamento vital: “*Unha instrumentalización profunda penetrou no corazón de todas as cousas. Nada nin ninguén vale nada se non é en función da utilidade que poida ter para outros*”. Fronte á desesperada sentenza do semiólogo italiano Umberto Eco “*Significo algo para os demais, logo non existo*”, o profesor sostén, con igual grao de desesperación, a tese contraria: “*Non significa nada para os demais, logo non existo*”<sup>13</sup>.

Como tamén resulta clara e comprometida a súa visión sobre a sociedade: “*En un orden social en que se proteja la propiedad privada y premie el mérito personal, el ejercicio de la libertad individual conduce normalmente a desigualdades e injusticias, a que unos hombres sozuzguen o exploten a otros, que son fuente de enfrentamientos personales y conflictos sociales por doquier. Conflictos que cuando rebasan determinados límites hacen imposible el ejercicio de la libertad. De ahí la importancia social del ideal de la igualdad (un mal menor para los poderosos) o, al menos, de una cierta igualdad que haga factible una convivencia civilizada, en paz. Y de ahí también la importancia de la presencia del Estado para garantizar el imperio de la ley y corregir las desigualdades que el mercado crea y las mantenga dentro de unos límites tolerables*”<sup>14</sup>. “*Una sociedad en la que no existe relación entre esfuerzo y recompensa es –advirte tamén o profesor Suárez– una sociedad sin norte, a la deriva*”.

---

<sup>12</sup> Esta nova teoría foi dada a coñecer polo profesor Suárez no seu traballo “Burocracia y eficacia administrativa”, recollido na obra colectiva *Homenaje al profesor Don César Albiñana García. Quintana*, pp. 1395-1410. Madrid: Ministerio de Economía y Hacienda, 1987.

<sup>13</sup> *Economía y organización social*. (Discurso de investidura como *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Sevilla, 1997).

<sup>14</sup> “Economía y sociedad”, *ABC*, (22/11/97).

Aínda que no seu libro *Economía de la pobreza o la pobreza de la economía. Sobre los sin techo y desheredados de este mundo*<sup>15</sup> proclama que non só de mercado vive o home, para que nunha sociedade poida haber progreso e unha certa harmonía social, ademais da fría racionalidade das leis económicas do mercado e da eficiente administración dos recursos postos á súa disposición por parte das institucións públicas necesítase tamén amor e unha certa xustiza social...

Este debate reábrese na súa obra máis recente *Nueva economía y nueva sociedad* (primavera de 2001)<sup>16</sup> que é froito das reflexións do autor durante a última década na súa condición de profesor, investigador e conferenciante.

Nunha sociedade na que se idealizaron os “másters do universo” que reinan nos parques de medio mundo, acelerados pola cibernética e atraídos polo luxo dunha fogueira de vaidades que corre o risco de incinerarnos a todos, a economía non se pode reducir á realidade virtual dunha pantalla de ordenador; a que unha empresa só sexa un simple apuntamento que escintila nunha terminal. Como advirte Suárez: “*Hay valores como a paz, a liberdade e a xustiza, entre outros moitos, que non se poden reducir a valores monetarios. Unha cousa son os intereses individuais, aos que se pode dar resposta a través de transaccións de mercado, e outra cosa ben distinta son os intereses colectivos, cuxa resposta require a presenza de institucións diferentes das do mercado*”.

Reivindica para a economía o seu carácter de ciencia social e para o economista a súa condición de arquitecto social. Detesto, sinala o profesor Suárez, a visión reduccionista que concibe a economía como unha ciencia cuxa única finalidade é a de explicar e elevar a categoría moral as baixas paixóns e os instintos menos nobres da condición humana.

Sen valores morais e normas legais que os fagan factibles non hai cooperación posible. A exacerbación do individualismo destrúe todo vínculo comunitario.

Non podiamos esquecernos da súa obra literaria, do seu exercicio de galeguidade, do seu amor á terra que o viu nacer. *Luaña*<sup>17</sup>, *A Regueifa*<sup>18</sup> e *O raposo Careto*<sup>19</sup> constitúen unha boa mostra do talento literario dun home profundamente comprometido coa súa terra. As obras citadas son unha boa mostra da fina ironía coa que aborda os mitos e supersticións arraigadas no sentir popular, iso si, dentro do máis profundo respecto aos costumes e tradicións.

Destas obras, e xa para finalizar a miña *laudatio*, quixera lerlles a dedicatoria na obra *Luaña*: “*Para Retranca do Catuxo, en representación de tódolos marxidados, asoballados e abafallados por unha sociedade onde o estético ten máis importancia que o ético. Para todos aqueles que, coma Retranca do Catuxo, atopan máis*

---

<sup>15</sup> *Economía de la pobreza o la pobreza de la economía. Sobre los sin techo y desheredados de este mundo*. Madrid: Biblioteca Nueva, 1997.

<sup>16</sup> *Nueva economía y nueva sociedad*. Madrid: Prentice, 2001.

<sup>17</sup> *Luaña. Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega*. Vigo: Galaxia, 1979.

<sup>18</sup> *A Regueifa*. Vigo: Castrelos, 1982.

<sup>19</sup> *O raposo Careto*. 4ª ed. Sada: Edicións do Castro, 1995.

*amor e axuda na cabra que na propia sociedade. Para todos aqueles tamén que acoden á maxia para conquistar o consolo que a sociedade non lles puido ou quixo dar. A natura humán é así de vairada e contradictoria”.*

Vostede, profesor Suárez, que naceu nun lugar privilexiado gobernado polo influxo da lúa, sabe ben do seu poder máxico que fai que baixo a súa luz todos os homes, coma os gatos, sexamos pardos, sen distincións sociais nin de ningún outro tipo; luz que fai aguzar o enxeño e mais os sentidos; luz baixo a que son posibles as máis fermosas utopías, entre elas que se nos apareza a Santa Compañía ou que sigamos crendo nunha sociedade máis xusta, sen marxidados nin asoballados como Retranca de Catuxo. Por iso quero pedirilles aos deuses e especialmente a Thot, deus luar exipcio encargado da escritura e do privilexio do seu maxisterio, varios centos de lúas máis, por suposto, mirando para Luaña.

Moitas grazas.

**DISCURSO DE BENVIDA AO NOVO DOUTOR HONORIS CAUSA  
PRONUNCIADO POLO EXCMO. SR. REITOR MAGNÍFICO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
DOUTOR D. FRANCISCO DARÍO VILLANUEVA PRIETO**

Excelentísimo señor presidente do Consello Social da Universidade.

Excelentísimas e ilustrísimas autoridades.

Claustro da Universidade.

Señoras e señores.

Desde o curso académico 1993-1994 ata o presente que está a punto de terminar foron vinte e catro os *doutores honoris causa* polas distintas facultades e centros da nosa Universidade investidos nun solemne acto como o que agora conclúe. Foron outros tantos distinguidos personaxes das ciencias, das artes, da política e da Academia os que recibiron a máxima distinción académica que a nosa *alma mater* concede. Procedían de diversos países de Europa, de América e de Asia, e as súas nacionalidades eran moi variadas, así como as súas respectivas disciplinas.

Andrés Santiago Suárez Suárez, de quen o seu padriño, o doutor don José Antonio Redondo, acaba de trazar un cumprido relatorio de méritos, é un dos tres galegos incluídos neste ilustre elenco, logo do polígrafo Filgueira Valverde e do poeta José Ángel Valente, aos que a nosa Universidade sempre lembrará. Igualmente, o noso *doutor honoris causa* de hoxe é o terceiro economista que se incorpora ao noso cadro doutoral honorífico, logo de Edmond Malinvaud e de Enrique Fuentes Quintana, para ratificar, xunto co seu carácter profundamente universitario e, polo tanto, universal, o recoñecemento que a Universidade decana de Galicia lles outorga sen reservas a aqueles fillos da terra recoñecidos nacional e internacionalmente como figuras senlleiras da ciencia e da cátedra.

Entre os actos que acompañaron no ano 1992 a celebración do vixésimo quinto aniversario de creación da nosa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

contouse cunha conferencia do doutor Suárez Suárez, publicada despois no primeiro volume da nosa *Revista Galega de Economía*, conferencia á que me vou referir máis adiante.

Foi, en efecto, en outubro do ano 1967 cando a Universidade de Santiago de Compostela puido contar cun centro destas características. Non existían ata aquela en toda España máis cás facultades de Madrid, Barcelona e Bilbao. Aquel avance, polo que se ampliaba o marco histórico das cinco facultades clásicas de Dereito, Medicina, Farmacia, Ciencias e Letras, representou un paso que non me recato en cualificar de decisivo no proceso de modernización académica, científica, pero tamén política e institucional da Minerva compostelá. Hoxe, cando vemos xa o pasado dos estudos de Economía e Empresa entre nós desde unha atalaia de case sete lustros, hai que confirmar que o centro que hoxe propón a Andrés Santiago Suárez Suárez como doutorando leva feito unha contribución á historia contemporánea de Galicia nos campos científico, político e social que resulta altamente significativa, o que decote chegou a esixir da propia Universidade a renuncia reiterada a varios dos seus profesores a prol do bo goberno da cousa pública, do desenvolvemento do sector privado e da propia sociedade civil.

A traxectoria biográfica do profesor Suárez Suárez, que el mesmo acaba de recapitular fermosamente, dá conta do baleiro que Galicia tiña no que se refire á súa oferta universitaria cando un rapaz de Luaña, nado o ano en que terminaba a Guerra Civil, esgotou as posibilidades de estudar economía que aquí se daban na Academia Comercial compostelá e na Escola Superior de Comercio coruñesa. Como el, unha morea de excelentes economistas galegos tiveron que facer os seus estudos superiores na Universidade Complutense. O propio doutorando fixo mención dos seus nomes. Algúns deles retornaron a Galicia para ocupar aquí postos de relevancia; outros, pola contra, ficaron en Madrid e, entre eles, Andrés Santiago Suárez Suárez, que foi tentado para incorporarse á nosa nacente Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais polo seu gran decano Luis Suárez-Llanos. Pero desde a súa cátedra de Madrid non deixou de contribuír ao desenvolvemento da súa disciplina en Compostela, onde hoxe en día, como tamén no campus de Lugo, a Economía Financeira ten un acreditado cultivo tanto na faceta docente como na investigadora.

Na dita conferencia do ano 1992, que o doutor Suárez Suárez titulou *La revolución del management*, afirmase que sen bos administradores, directivos e xerentes non poden funcionar as empresas privadas nin as Administracións Públicas, e esa idea é compartida por nós na medida en que intentamos aplicala desde o ano 1994 no ámbito da nosa Universidade, correspondéndolle un destacado papel neste propósito ao vicerreitor e catedrático, xustamente, de Economía Financeira e Contabilidade, Dr. Castro Cotón.

Porque sempre pensamos que o prestixio dunha universidade dependerá sempre da calidade da súa docencia e da súa investigación pero, no contexto actual, estes obxectivos non poden ser alcanzados sen unha adecuada xestión e administración dos recursos, que nunca nos cansaremos de afirmar que seguen sendo insuficientes,

e os últimos datos da OCDE recentemente publicados falan de que o papel relativo de España polo que se refire ao financiamento das súas universidades públicas, lonxe de achegarse aos países da súa contorna xeográfica, política e cultural, está perdendo posicións lamentablemente.

Neste sentido, os problemas de xestión que un equipo de goberno universitario ten que afrontar non son menores ca os dos directivos de grandes corporacións. Os datos falan por si mesmos: a USC atende uns corenta e tres mil estudantes cun cadro de persoal formado por 2100 profesores e por 1200 profesionais da administración e dos servizos. Liquida nos últimos exercicios uns trinta mil millóns de pesetas anuais, o que representa máis que a inmensa maioría das empresas radicadas en Galicia, que as súas cidades máis grandes e que cada unha das súas catro deputacións.

Por suposto que, con todo, unha universidade pública non é unha empresa pero hoxe, e cada vez máis, se non adopta elementos de xestión semellantes, fundados na doutrina económica e empresarial tanto como contrastados na práctica, irá perdendo pulo. Lonxe de representar o que desde posturas de incompreensión retardataria se cualifica ás veces como privatización, esta xestión contribúe á rexeneración e á modernización do servizo público da ensinanza superior. O inmovilismo de determinadas posturas, aínda que avaladas por sólidos alicerces ideolóxicos, é anacrónico nestes momentos, e a USC así o entende felizmente, como demostra a aprobación no claustro hai unha semana dun plan estratéxico para o período que vai desde o presente ano ata o ano 2010. Logo de tres anos de traballo rigoroso e participativo nun clima de amplo consenso, a nosa institución pentacentenaria ábrese ao futuro segura de si mesma, da súa continuidade como a máis importante institución de ciencias e ensinanza superior de Galicia, facendo seu o lema “*Coñecemento ao servizo da sociedade*”, que acredita a súa vontade de protagonismo nos novos tempos.

O doutor Suárez Suárez é unha figura recoñecida nacional e internacionalmente, que nin rematou os seus estudos en Galicia nin profesou nela. Pero a súa inquietude polo país está suficientemente acreditada. Xa fixen mención a algunha das súas ligazóns directas coa nosa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, pero non quixera pasar por alto outras referencias neste sentido.

O noso novo doutor non esqueceu a súa lingua nai tanto para o seu labor de publicista como para a creación ensaística e literaria. Os seus artigos de prensa asinados baixo o pseudónimo de Xoán da Portela así o acreditan, como tamén *A Regueifa*, *O raposo Careto* e o volume que publicou en 1979 sobre *Luaña. Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega*.

Porque Andrés Santiago Suárez Suárez, á vez que desvela a pobreza material e a falta de futuro que abafaba a súa terra natal nos anos da súa nenez e adolescencia, lembra con emoción as potencialidades humanistas da vida rural e lamenta o despoboamento de Galicia. Tamén en galego contribuíu, por certo, á obra que conmemoraba o cuarto de século dunha iniciativa extraordinaria para o desenvolvemento do val de Barcala e da bisbarra de Negreira, onde naceu. Refírome á cooperativa

Feiraco, que dirixe o presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, don Jesús García Calvo. Exemplos admirables coma este falan dun camiño firme onde a rendibilidade empresarial é á vez beneficio social, acomodando a liberdade do mercado aos dereitos humanos máis substantivos, sobre todo o dereito ao traballo e ao benestar.

O doutor Suárez Suárez non cerra o seu traballo intelectual no estrito ámbito da comunidade científica internacional, senón que procura contribuír coas súas ideas aos grandes debates contemporáneos. A súa última obra, que acaba de aparecer, trata da nova economía e da nova sociedade como os grandes desafíos do século XXI, e alí poderá atoparse a súa postura acerca da globalización, que non é apocalíptica pero tampouco inxenuamente encomiástica. O reto está, unha vez máis, en casar as novas posibilidades e tendencias coas demandas humanísticas invariables: os dereitos das persoas e a xustiza distributiva.

Entre a bibliografía do noso doutor hai un libro tan breve coma intenso que fala da autenticidade dese talante humanista. Trátase de *Economía de la pobreza o la pobreza de la economía*, publicado hai catro anos e que ten como protagonistas aos sen teito e desherdados do mundo. O profesor Suárez Suárez mostra nestas páxinas un coñecemento directo das condicións misérrimas dos “pobres de solemnidade”, que poden chegar a tres millóns de persoas só na Unión Europea, e a 100.000 en Nova York. Dalgún deles proporciona referencias concretas sobre as causas da súa marxinalidade, e en moitos cúmprese o desastroso exilio do campo á cidade para atopar nela aínda un destino peor. A súa denuncia é nidia: non só de mercado vive a humanidade, e a nova sociedade competitiva está provocando previsiblemente moreas de desertores da nova orde económica.

O político e economista irlandés Edmund Burke, que viviu outro final de século, no seu caso o XVIII, escribía nas súas *Reflections on the Revolution in France*: “*A idade da cabalería xa pasou. Venceron os sofistas, os economistas e os calculadores. E a gloria de Europa extinguiuse xa para sempre*”.

Está definitivamente acuñada a expresión “médico humanista” para referirse a unha casta destes profesionais onde a competencia científica e clínica vai acompañada da amplitude dos seus coñecementos e da súa curiosidade intelectual. Estes médicos humanistas, como o era o noso Nóvoa Santos e como o é Domingo García Sabell, proxectan sobre a persoa todos os seus saberes cunha ambición de totalidade comprensiva realmente admirable.

Pois ben, malia o dicerio desacougante de Edmund Burke, tamén existen economistas humanistas. Foino en gran medida un contemporáneo seu, o ilustrado Gaspar Melchor de Jovellanos, que pasou longos meses de reflexión en Muros cando a ocupación francesa de Asturias interrompeu a súa travesía mariña ao regreso das Cortes de Cádiz. Paréceme claro que esa é a mesma estirpe do noso novo doutor, que hoxe se incorpora con todo mérito ao noso claustro de honra.

Moitas grazas pola súa atención, señoras e señores.